

Lois Pereiro. A derradeira batalla

Rocío Pernas Chao

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*


PERNAS CHAO, ROCÍO (2011 [1996]). “Lois Pereiro. A derradeira batalla”. *Galicia internacional*: 11, 76-77. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/516>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PERNAS CHAO, ROCÍO (1996). “Lois Pereiro. A derradeira batalla”. *Galicia internacional*: 11, 76-77.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Coma se dunha gran batalla da Segunda Guerra Mundial se tratase, Lois Pereiro, coa súa forza moral como arma e co amor como aliado, foise erixindo paseniño no cabecilla do bando da vida. Gañoulle así a guerra a esa morte inimiga e á súa adlátere destructora, a enfermidade. A piques de rematar a loita, e despois dun lustro de voz calada, retomou o vieiro perdido e oubeou baixiño unha *Poesía última de amor e enfermidade*, que saíu do prelo de Edicións Positivas o pasado mes de decembro. Foi a súa derradeira, e victoriosa, batalla literaria. Como esta foi, é, a súa derradeira entrevista.



LOIS PEREIRO

a derradeira batalla

Texto • ROCÍO PERNAS CHAO

Poesía última de amor e enfermidade *rompeu un longo silencio na súa traxectoria. ¿Cal foi a razón dese "ficar calado"?*

—Despois de escribir *Poemas* (1981-1991), por razóns vitais intentei vivir máis ca escribir. Foi un silencio poético de menos palabras e máis vida.

—*¿Por que elixiu este momento para retomar os camiños da poesía?*

—Tiña unha necesidade vital de escribir tremenda.

Todo forma parte dun ciclo: vivir-falar-falar da propia vida-escribir e calar. Isto último é o máis difícil.

—*Paradoxicamente a primeira parte do libro leva o nome de Poemas póstumos...*

—É un libro cronolóxico, e esta primeira parte inclúe poemas dun momento no que eu estaba a punto da vida e da morte física e moral. Logo hai unha resurrección en min e no libro. quen

escribe o resto dos poemas non é a mesma persoa.

Conseguiu este poeta monfortino resucitar e sobrevivir daquela grande batalla. Volveu a ver a luz e deixou atrás unha negrura que debuxou unha grisácea sombra no seu rostro.

—*A segunda parte do libro, Luz e sombras de amor resucitado, mestura citas doutros autores. ¿Pode considerarse*

como un ataque ó intimismo ou como unha multiplicidade de personalidades?

—Calquera poeta sabe que dende Shakespeare todo está escrito, o que non nos impide poder dicilo doutro xeito. Hai cousas que están tan ben expresadas, que o único que se pode facer é unha relectura sobre o mesmo sentimento. As que se inclúen nesa segunda parte do libro son acotacións non

artificiais, senón unha especie de desexo demasiado alleo a min como persoa.

—¿Cal é a síntese entre a vida e a morte e mailos seus aliados o amor e a enfermidade?

—Esta terceira parte do libro, *Poemas de sobrevivencia a forza de paixón e sabotaxes*, é un oubeo que reúne o amor e maila morte porque, no fondo, odiamos a morte porque amamos desesperadamente a vida. Estes poemas tamén son unha homenaxe ós meus mortos, a esa xeración trillada que viviu xa non só o desencanto, senón como coellos de indias de todo.

—¿En que cambiou aquel amor como arma poética dos versos incluídos na antoloxía *Amor e desamor con respecto ó amor constante de Poesía última*...?

—O amor e desamor de agora é un amor menos irónico, un amor sen esperanza, sen un desexo asumido.

A súa voz doída, profunda cansa ensombrece a necesidade dunha húmida mensaxe de vida e de furia. Escóito a baixa e pausada voz que sae dos beizos do poeta.

—Claudio Rodríguez Fer, no seu estudio da poesía dos últimos dez anos, fai unha división dos poetas galegos en dous grupos: o de Vigo e o da Coruña, no que o inclúe a vostede. ¿Séntese identificado co colectivo coruñés?

—Non me sinto máis coruñés ca vigués, nin sequera máis monfortino. Son unha voz independente.

—De tódolos xeitos, a antoloxía de *Amor e desamor* considérase como representación dese grupo.

—*Amor e desamor* non forma parte de ningunha escola, senón que é unha

ruptura estética e estilística que pretende romper cun sistema poético.

—¿Que sinais de identidade colectiva unen ós seus autores?

—Tan só a amizade.

—¿Como se sente Galicia cando se escribe para ela dende Madrid?

—*Sentiámonos todos os galegos, como Manolo Rivas, Antón Patiño ou eu mesmo, como parte do exilio forzado e interior.*

Durante a súa estada en Madrid, Lois Pereiro sufriu a enfermidade da colza. De aí que mesmo

antes de publicar os seus versos se tentase clasificar a súa obra e mailo seu nome: Lois era para moitos o escritor tóxico ou o poeta da colza. Pero Lois sempre soubo como evitar tales identificacións,

porque estaba seguro de que o importante é a obra e non o poeta. Quen o coñeceu decatouse de contado de que con el se rompe a regra. El era un escritor identificado coa súa obra. Era un poeta. Aprendeu a gañar tódalas batallas. Poesía última de amor e enfermidade é coma un trofeo autorregalado para gañar a súa última guerra contra a morte e maila enfermidade. Lois era dos que aman desesperadamente a vida.

—Se Rosalía levántase a cabeza, ¿que diría dos poetas de hoxe?

—A poesía de Rosalía non tiña nada que envexar á de Becquer, por exemplo. Hoxe hai xente que nada ten que envexar a Rosalía. Incluso usan o mesmo ton reivindicativo. Pero Rosalía xa chorou por todos e para sempre.

Agora tamén el rematou esta batalla definitiva. •

.....
"No fondo,
odiamos a
morte porque
amamos
desesperadamente
a vida"
.....

Henry James
Os papais de Aspern

Richard Ford
Vida brava

Joseph Roth
A lenda do santo bebedor

Novidade

Ricardo Beiras
O rectángulo de sol

gotelo blanco